



Fundación Amigos de Galicia

*POR UNA SOCIEDADE
MÁS JUSTA E
SOLIDARIA*

MEMORIA 2.011

1.987- 2.011



MEMORIA 2.011

ÍNDICE

<i>Introducción.....</i>	<i>3</i>
<i>Contexto socioeconómico.....</i>	<i>6</i>
<i>Mulleres vítimas de violencia de xénero.....</i>	<i>7</i>
<i>Mulleres vinculadas ó mundo da prostitución.....</i>	<i>16</i>
<i>Familias monoparentais.....</i>	<i>19</i>
<i>Infancia.....</i>	<i>22</i>
<i>Persoas en situación de desemprego.....</i>	<i>27</i>
<i>Persoas en situación ou risco de exclusión social.....</i>	<i>31</i>
<i>Inmigrantes e emigrantes retornados.....</i>	<i>34</i>
<i>Persoas maiores.....</i>	<i>37</i>
<i>“Plan de cobertura de necesidades básicas das persoas carentes de recursos económicos de Galicia”.....</i>	<i>40</i>
<i>Total beneficiarios por provincia.....</i>	<i>58</i>
<i>Cooperación internacional.....</i>	<i>59</i>
<i>Comedores sociais.....</i>	<i>65</i>
<i>Colaboradores.....</i>	<i>68</i>
<i>Balance de Ingresos e Gastos.....</i>	<i>73</i>



INTRODUCCIÓN

A Fundación Amigos de Galicia é unha entidade sen fins lucrativos, rexistrada no coma **Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199**, no **Rexistro Galego de Axentes de Cooperación** como outros **Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento** co nº 19, e no **Rexistro de Entidades de Interese Galego** co nº 28, acollida á **Lei de Mecenazgo**, que ten como finalidade a axuda **ós colectivos con limitacións económicas e sociais na cobertura das súas necesidades básicas da súa vida cotiá**, especialmente en aquelas unidades familiares **con menores a cargo**, desenvolve o **“Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia”**.

Mediante este Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia se atenden ás necesidades das familias carentes de recursos económicos, distribuídas por case **douscentos concellos de toda a xeografía galega**, atendendo principalmente a aqueles colectivos en situación **de vulnerabilidade social**, tales coma:

- mulleres vítimas de violencia de xénero**
- familias monoparentais**
- parados de longa duración con menores a cargo**
- beneficiarios de prestacións mínimas sen recursos económicos con menores ó seu cargo (RISGA, RAI, PNCs...),**



-persoas en situación ou risco de exclusión social, mulleres vinculadas ó mundo da prostitución,

-infancia en situación de desprotección...

-ademais, da colaboración que presta a comedores sociais e centros de acollida de menores de todo Galicia.

Para tal laboura, a entidade ten **tres modos de actuación** cos que dar resposta ás necesidades básicas das familias que se atopan en situación de carencia de recursos económicos;

-convenios de colaboración con concellos de todo Galicia, mediante o que son os técnicos dos servizos sociais do concello os que derivan ás familias que se atopan en situación de necesidade ó “*Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia*”. Mediante o desenrolo do “*Plan de Cobertura...*” **se dan resposta ás necesidades no eido da alimentación, vestimenta, calzado, produtos hixiénicos, enseres e electrodomésticos do fogar, material escolar, rehabilitación de fogares** que carecen das condicións de habitabilidade, entrega de mobles e demais enseres do fogar **que puideran precisar os usuarios derivados polos técnicos sociais**, de cara a evitar que se produzan situacións que deriven na exclusión social das persoas.

-de modo directo, no que son os técnicos da entidade avalían as situacións de necesidade que chegan de modo directo á Fundación Amigos de Galicia, verificando a situación de necesidade e dando resposta á mesma mediante as axudas que oferta a entidade.

-a través de convenios asinados con outras entidades: Cáritas, Cruz Vermella, Fundación San Rosendo... adicadas, tamén, á atención de diversos colectivos en situación de susceptibilidade social que actúan detectando situacións de necesidade por carencia de recursos económicos e trasladándolle ás mesmas á Fundación Amigos de Galicia para que a través do Plan de Cobertura de Necesidades Básicas se poida dar resposta ás necesidades básicas da vida cotiá.

Na actualidade e segundo a última actualización de datos de decembro de 2011, a **Fundación amigos de Galicia conta con 18.727 usuarios mensuais do programa de axuda ás persoas sen recursos, dos que 10.715 son menores**. Este incremento con respecto o ano 2010 -no que foron atendidas **11.957 persoas mensuais, 6.116 menores**- é froito da crise económica que estamos a vivir, na que varía tanto o número de persoas demandantes da axuda por parte da entidade, como o perfil das mesmas, habendo un incremento notable de familias nucleares con rapaces a cargo que,



en situación de desemprego, teñen que asumir pagos de aluguer/hipoteca, créditos, facturas, manutención e vestimenta... e non contan con recursos económicos suficientes para dar cobertura ás súas necesidades, solicitando así axuda da entidade no apoio das súas necesidades básicas da vida cotiá.



Fundación Amigos de Galicia

CONTEXTO SOCIOECONÓMICO



Fundación Amigos de Galicia

MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO;



A **violencia de xénero** foi un fenómeno invisible durante épocas, sendo **unha das manifestacións máis claras de desigualdade, subordinación e de relacións de poder dos homes coas mulleres**. A constatación desta existencia marcará un antes e un despois na consideración legal, social e dos dereitos e liberdades contra as mulleres.

O concepto de violencia de xénero, a efectos da Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, comprende **todo acto de violencia física e psicolóxica –incluídas as agresións á liberdade sexual, ameazas e coaccións ou privacións arbitrarias da liberdade- que exerce sobre as mulleres quen estivera ou estea ligados a elas por relacións de afectividade**. A lei integral recoñece para estas mulleres unha serie de **dereitos universais**, independentemente ó orixe da persoa, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social; **dereito á información, asistencia social e asistencia xurídica gratuíta, dereitos laborais e prestacións á Seguridade Social, programa específico de emprego...**

No que vai de ano en España **foron asesinadas polas súas parellas/exparellas 60 mulleres**;

Mulleres asesinadas por violencia xénero en función idade;

Idade	Nº total vítimas
Menor de 16	0
16-20	3
21-30	14
31-40	17
41-50	12
51-64	7
Maior de 64	7
Total	60



Mulleres asesinadas en función nacionalidade:

Nacionalidade	Nº Total vítimas
Española	40
Extranxeira	20
Total	60

Mulleres asesinadas en función da comunidade autónoma de residencia;

Comunidad autónoma de residencia	Nº total vítimas
Andalucía	14
Aragón	2
Asturias	2
Baleares	1
Canarias	3
Cantabria	0
Castilla La Mancha	1
Castilla León	2
Cataluña	9
Comunidad Valenciana	9
Extremadura	0
Galicia	3
Madrid	9
Murcia	2
Navarra	1
País Vasco	2
La Rioja	0
Ceuta	0
Melilla	0
Total	60



Evolución Violencia de Xénero en Galicia;

Ano	2.011	2.010	2.009	2.008	2.007	2.006	2.005	2.004
Nº vítimas	3	2	3	7	6	0	1	2

En Galicia, só no primeiro semestre do ano, foron comunicadas **637 ordes de protección** para mulleres que estaban a sufrir, violencia de xénero.

Provincia	Ordes de protección
A Coruña	194
Lugo	114
Ourense	75
Pontevedra	254

A violencia de xénero comeza, nalgúns casos, **na infancia** e é exercida principalmente no seno familiar. A infancia é especialmente vulnerable á violencia e as nenas sofren un plus de risco pola súa condición feminina. En España, o termo “violencia de xénero” fai referencia a **violencia contra a muller por parte da parella/exparella**, dándose en tódolos grupos independentemente do seu nivel económico, cultural ou de calquera outra consideración. Estudos realizados demostran que **unha de cada tres mulleres, sufriu nalgún momento da súa vida algún tipo de violencia contra a muller.** En todas as relacións humanas xurden conflitos. As discusións, incluso acaloradas, poden formar parte da relación de parella. Isto podería alcanzar cotas de violencia que serían censurables e perseguibles, e formaría parte das dificultades coas que se enfrontan as parellas. Pero, o maltrato non ten nada que ver con isto: **no maltrato o agresor é sempre o mesmo**. Por definición, **o conflito é unha modalidade relacional que implica reciprocidade e é susceptible de provocar un cambio. Polo contrario, o maltrato, inda que adopte distintas formas –agresións físicas e verbais- é unilateral**, sempre é a mesma persoa a que recibe os golpes.

Nas relacións de parella, o maltrato é maioritariamente exercido do home contra a muller e ten unhas causas específicas: intentos do home por dominar á muller, baixa estima que determinados homes teñen das mulleres, causas que conducen a instaurar unha relación de dominios mediante



desprezos, ameazas e golpes. **Os rasgos máis visibles do maltrato son as palizas e os asesinatos, o que trascende do ámbito da parella.** Nembargantes, **hai maltrato de “baixa intensidade”, maltrato psíquico mantido no tempo que acaba coa autoestima da muller.**

De toda esta violencia, hai unhas **vítimas invisibles: os rapaces.** Estudos de pediatría informan de que **“ser testigo de violencia doméstica pode ser tan traumático para os nenos como ser vítima de abusos sexuais ou físicos”.** Estes rapaces presencian diariamente actos violentos contra a muller, escoitan gritos, insultos, ruídos de golpes, perciben medo, estrés, tensións... ***Ver sufrir diariamente a alguén que se quere pode facer moito dano, maior se o agresor tamén presenta un vínculo familiar.***

Para este colectivo de menores, a **Fundación Amigos de Galicia,** ademais de todas as accións propias do Plan de Cobertura ás Persoas en Situación de Carencia de Recursos Económicos, **desenvolve accións específicas** basadas no apoio psicolóxico e no desenvolvemento da autonomía persoal, tratando de **evitar o aillamento dos menores.**

“PLAN DE AXUDA ÁS MULLERES QUE SUFREN OU SUFRIRON VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA”

A Fundación Amigos de Galicia desenvolveu, durante todo o ano 2.011, o **“Plan de Axuda ás mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero en Galicia”,** mediante o cal se puxeron **á disposición das mulleres os recursos xurídicos, psicolóxicos ou sociais** que precisaron e os que a entidade preveu que poderían precisar, contando para tal fin cunha **traballadora social, unha psicóloga e unha orientadora laboral** para o desenvolvemento do proxecto, así como tamén **con persoal encargado de levar a cabo o asesoramento xurídico das usuarias.**

Así, mediante o desenvolvemento do **“Plan de Axuda ás mulleres vítimas de violencia de xénero”** se atenderon as demandas de **332 mulleres que,** en xaneiro de 2.011 estaban vinculadas ó programa por ter sido ou estar sendo vítimas de violencia de xénero e que, na actualidade, incrementaron **ata alcanzar a totalidade de 368** mulleres –datos de novembro de 2.011-. O desenvolvemento do **“Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero”** implica o desenvolvemento dun conxunto de accións a distintos eidos de intervención –psicolóxica, formativa, social, familiar e xurídica- incentivando as capacidades das mulleres en xeral e de cada usuaria en particular e constituíndo un reforzo da propia estima das mesmas, chegando a proporcionar tamén, nalgúns casos, **un apoio que permita a conciliación da vida familiar e laboral das mesmas** –case o 90% das mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas a través deste programa contan con cargas familiares ó seu cargo-.



A Fundación Amigos de Galicia pon a disposición deste proxecto un equipo humano encargado de asesorar e orientar ás usuarias. Un equipo humano con formación en prevención de violencia de xénero e condutas violentas vinculadas ó xénero, ademais de formación en intervención con vítimas de violencia de xénero. Este equipo humano, formado por unha traballadora social, unha psicóloga e unha orientadora laboral ademais de, para trámites xurídicos, un asesor legal constitúe un equipo multidisciplinar, coordinándose para proporcionar un apoio sostible e útil á muller vítima de violencia de xénero ou potencialmente vítima de violencia de xénero, tendo en conta as condutas propias da mesma que actúan como barreira que limita o traballo dos profesionais.

Toda muller vítima de violencia de xénero presenta **unha serie de síntomas, afíns ás características concretas e persoais de cada individuo** en concreto, e descritos a continuación: adaptación á situación aversiva, caracterizada polo incremento da habilidade da persoa para afrontar estímulos adversos e minimizar a dor proporcionando unha **resposta defensiva** á mesma, distorsións cognitivas da realidade provocando minimización, negación ou disociación, estrés postraumático, sentimentos depresivos de rabia, baixa estima, culpa e rencor, problemas somáticos, disfuncións sexuais, condutas aditivas e dificultades nas súas relacións persoais. Nunha primeira fase, a muller se atopa confusa e desorientada, sen identidade propia atribuíndo incluso aspectos positivos ó agresor. Ademais, se atopa **illada do entorno familiar e social e en constante tensión ante a agresividade da súa parella**. Vítima da vergoña perde os apoios familiares e sociais, mostrando apatía, cansancio e falla de interese.

Dadas as características e a dificultade de intervención con mulleres vítimas de violencia de xénero, é necesaria unha intervención que traballe na reflexión –intentando acadar o fin da relación violenta se esta inda existise- e proporcionando o apoio psicolóxico que a usuaria precisase. Ademais, é necesario informar sobre a violencia de xénero, sobre as causas da mesma e os falsos mitos, **traballando por reducir a ansiedade na forma en que esta se manifieste** (insomnio, agorafobia, pánico...) e **fomentando a autonomía de cada persoa**, provocando unha variación das ideas distorsionadas sobre si mesmas e sobre o mundo, a nivel social, económico e de busca de emprego, tratando de recuperar tódolos apoios sociais e familiares.

Tamén require **especial relevancia o traballo na prevención**, provocando un cambio global na forma de ver as relacións entre homes e mulleres, unha crítica ós roles sociais e ós esteriotipos tradicionais cun abandono da linguaxe sexista, **incentivando o cambio nas persoas adultas de modo que llo podan transmitir correctamente ás novas xeracións**, detectando manipulacións e comportamentos que podan constituír un acto de violencia contra a muller e ofertando o asesoramento que precisen ás vítimas de violencia de xénero en potencia.



Ademais, para todas aquelas mulleres, vítimas de violencia de xénero, que se atopan en situación de carencia ou limitación de recursos económicos – derivada das dificultades de conciliación da vida familiar e laboral das persoas, mais se cabe cando non hai outro rol que poda compartir as cargas familiares e laborais- a Fundación Amigos de Galicia contempla dentro do “**Plan de Axuda ás Mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero en Galicia**” unha serie de axudas encamiñadas a dar total cobertura ás necesidades básicas destas familias, con accións orientadas a evitar situacións que deriven na exclusión social dos menores das familias:

Estas actuacións citadas con anterioridade e **vinculadas a distintas demandas do considerado como necesidades básicas da vida cotiá**, se desenvolven de modo mensual durante todo o ano, tratando de dar total cobertura ás necesidades no eido da alimentación, vestimenta e calzado, enseres do fogar e electrodomésticos, material escolar, produtos hixiénicos, xoguetes en Nadal... encamiñadas a promover a igualdade das persoas en xeral e dos menores en particular.

A Fundación Amigos de Galicia ven desenvolvendo esta laboura dende fai máis de cinco anos, sendo consciente das dificultades psicolóxicas e sociais nas que se atopan as mulleres vítima de violencia de xénero que ademais, nunha gran parte dos casos, se atopan con **dificultades para acadar a conciliación da súa vida familiar e laboral**, sendo o único rol da unidade familiar capacitado para poder obter os recursos económicos necesarios cos que poder sacar adiante ós seus fillos ademais de estar na obriga de levar a cabo as **tarefas propias do fogar xunto coa educación dos cativos**, tendo que **superar ademais as trabas que o maltrato sufrido impón sobre elas mesmas**.

-Fundamentación do proxecto:

Son moitas as **mulleres que sofren violencia de xénero na nosa comunidade, e moitas as trabas sociais e xurídicas coas que se atopan unha vez denunciada a situación**. Fundación Amigos de Galicia, concienciada da difícil situación que teñen que vivir as afectadas e da **escaseza de medios persoais e sociais** –nalgúns casos- **para afrontar as situación**, facilita ás afectadas **asesoramento xurídico e psicolóxico para elas e para os menores a cargo**, ofertando **asistencia e axudas inmediatas a estas mulleres que non dispoñen, en moitos casos, do tempo que precisan os trámites nas administracións públicas**- co fin de que se restableza a normalidade na súa vida cotiá. Asemade, dende a entidade, tamén se lle oferta **orientación laboral que lles permita enfatizar as súas capacidades**, promovendo para o incremento das mesmas o desenvolvemento de **diversos cursos formativos que permitan desenrolar outras capacidades**. É necesario neste eido, facer mención ós cursos formativos desenvolto por Fundación Amigos de Galicia, así como a empresa de inserción laboral creada pola entidade “FAG PUBLI” na que se prevé, tal como



consta nos seus estatutos, a contratación das persoas en situación de especial vulnerabilidade social, tales como as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Obxectivos acadados co proxecto:

-Mediante este Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de xénero de Galicia se lles ofertou **asesoramento psicolóxico a 329 mulleres**. Estas mulleres estaban a ser/ habían sido/ ou eran potencialmente vítimas da violencia de xénero.

-Mediante este Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero de Galicia se lles ofertou asesoramento xurídico **a 53 mulleres en trámites xurídicos relacionados coa violencia que sufriron** –denuncias, ordes de afastamento, tutela dos menores, pensións alimenticias...-

-Se ofertou asesoramento xurídico a **104 mulleres en trámites xurídicos relacionados coa situación de necesidade e carencia ou limitación económica que xurde trala situación de violencia de xénero** – impagos de débedas, desahucios, extincións de contratos de traballo...-

-Mediante o Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero de Galicia se lle ofertou **orientación laboral a 268 mulleres vítimas de violencia de xénero** –na actualidade ou con secuelas de haber sufrido a mesma, así como a vítimas potenciais- asesorando ás mesmas na elaboración de currículums vitae, cartas de presentación e/ou calquera outro documento que puidesen precisar e que incidise, positivamente, na busca de traballo.

-Mediante o mesmo Plan descrito con anterioridade, Fundación Amigos de Galicia derivou a **156 mulleres a diversos cursos formativos**, enfocados a incentivar as súas capacidades e provocar a adquisición de novos conceptos teóricos –prácticos en ámbitos cunha demanda laboral alta.

-Mediante o Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero de Galicia, a técnica de emprego elaborou os contidos teórico- prácticos, adaptado ás demandas do mercado actual e as carencias das usuarias do Gabinete Formativo, **dun curso de Confección de Prendas de Traballo, enfocado a 11 usuarias do Plan**, para que adquiriran formación que lles permitise mellorar as súas habilidades no arranxo de prendas textís e poder ser inseridas laboralmente directamente na propia entidade –na Lavandería Industrial, realizando a reciclaxe das prendas doadas por particulares-. Nembargantes, a falta de recursos económicos da entidade limitou a contratación das mesmas. Inda así, Fundación Amigos de Galicia traballa para que, a curto prazo, se poida inserir algunha usuaria directamente na Lavandería, habendo acadado a capacitación das 11 mulleres.

-Dentro deste Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero de Galicia se contempla tamén a creación, **no 2.010, de FAG PUBLI**, creada para inserir laboralmente ás persoas en situación de vulnerabilidade social. **FAG PUBLI traballa dun lado para inserir laboralmente ós colectivos en risco de exclusión social ou persoas en situación de vulnerabilidade social**, tal como o colectivo que nos atañe: Mulleres vítimas de violencia de xénero, e doutro informar sobre as accións desenvoltas pola entidade, tal como o Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, que tratan de



prever a exclusión social dos menores vinculada a falla de recursos económicos das súas familias.

-Dentro do Plan de Axuda á Muller Vítima de Violencia de Xénero, se contempla a **realización de aportacións económicas destinadas ó pago de débedas** –axuda destinada, ata a actualidade, a 109 mulleres- evitando así a acumulación das mesmas.

Medios humanos para o desenvolvemento do Proxecto “Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero en Galicia”:

- 1 directora de servizos sociais e muller
- 1 traballador/a social
- 1 orientador@ laboral, Mercedes Hernández
- 1 gabinete psicolóxico; Xoán Carlos Portos Olveira
- 1 bufete avogados; Manuel Martín Gómez

Medios humanos para o desenvolvemento do Proxecto “Plan Cobertura de Necesidades Básicas” que dentro do Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, atende aquelas que se atopan en situación de carencia de recursos económicos:

- 1 oficial lavandería
- 1 oficial elaboración paquetes alimenticios
- 2 chóferes
- 2 oficiais administrativos

Medios humanos para o funcionamento da entidade:

- 1 director
- coordinadores provinciais



Fundación Amigos de Galicia

MULLERES VINCULADAS Ó MUNDO DA PROSTITUCIÓN



Dende o punto de vista xurídico penal, a lexislación española **non considera a prostitución como constitutiva de delito**, unicamente o son as situacións relativas á mesma que supoñen unha **limitación da liberdade sexual das vítimas ou aproveitamento da súa situación de debilidade, ou que favorecen a prostitución de menores ou persoas incapacitadas, ou que determinan a prostitución mediante violencia, intimidación, engaño ou abuso da situación de superioridade**. Nembargantes, a prostitución se convertiu nun **lucrativo negocio** que está baixo o **control de mafias criminais** de ámbito trasnacional **que trafican con mulleres da mesma forma que o fan con armas ou drogas**.

A abundancia de mulleres extranxeiras adicadas á prostitución, ten unha explicación: **as persoas inmigrantes teñen problemas para atopar traballo** e, salvo causas excepcionais, a prostitución non precisa dun gran dominio lingüístico. No análise de “vantaxes”, ofrece flexibilidade horaria e de dedicación, e é, no caso da prostitución de rúa, **unha das poucas maneiras de gañar cartos, mercar comida e levala a casa no mesmo día**. Nembargantes, o feito de ser un negocio sumerxido implica que estas mulleres **carecen de dereitos cos que optar a prestacións do réxime da Seguridade Social/Servizo Público de Emprego Estatal**. Estamos falando de **mulleres xeralmente xoves que carecen, por regra xeral, de formación académica**. Ademais, unha ampla maioría, **conta con cargas familiares**.

O negocio da prostitución é o segundo negocio mundial máis lucrativo, tralo tráfico de armas e antes do tráfico de drogas. Reporta anualmente unhas **ganancias de entre cinco e sete billones de dólares** e moviliza a uns **catro millóns de mulleres que son mercadas e vendidas mundialmente** co obxecto de forzalas á prostitución, escravitude e matrimonio.

En España, **os españois gastan 50 millóns de euros, cada día, en prostitución**. Así, no noso país, quince millóns de varóns son clientes potenciais de 400.000 prostitutas –unha por cada 38 homes-. Os clubs de alterne moven en España 18.000 millóns de euros.



“PLAN DE AXUDA ÁS MULLERES VINCULADAS Ó MUNDO DA PROSTITUCIÓN, CON RESIDENCIA EN GALICIA”

A Fundación Amigos de Galicia desenvolveu, durante todo o ano 2.011, un proxecto de axuda ás mulleres vinculadas ó mundo da prostitución, enfocado prioritariamente ós menores a cargo das mesmas. **A ausencia dunha afiliación ó sistema da seguridade social implica dificultades para acadar o permiso por residencia ou por traballo**, formando un bucle que provoca a imposibilidade de deixar a súa vinculación co mundo da prostitución, **obtendo do mesmo os únicos recursos para dar resposta ás necesidades dos menores ó seu cargo e por tanto, limitando os seus dereitos sociais.**

Así, estas mulleres permanecen en Galicia **en situación irregular**, vinculadas ó mundo da prostitución, obtendo deste modo os ingresos que precisan para poder dar cobertura ás necesidades básicas da vida cotiá dos menores ó seu cargo, que en moitos casos **non se atopan debidamente escolarizados.**

O Plan de Axuda ás Mulleres vinculadas ó mundo da **prostitución implica a escolarización dos menores a cargo de todas estas mulleres, incidindo no seu dereito á educación e tratando de evitar o absentismo escolar dos menores.**

Ademais, mediante este Plan de Axuda ás Mulleres Vinculadas ó mundo da prostitución se promoven unha serie de axudas que consiguen dar resposta **ás necesidades máis básicas das persoas; no eido da alimentación, da hixiene, da vestimenta e do calzado, dos mobles e enseres do fogar...** realizando tamén aportacións económicas puntuais para o pago de débedas puntuais de luz, auga, gas, alugueres e demais... Neste eido, **cabe facer mención a que estas familias non poden solicitar axudas de emerxencia para o pago de débedas concretas**, dado que ó carecer de permiso de residencia, non contan co requisito de empadronamento esixido na maioría das axudas sociais.

Conta ademais este **“Plan de Axuda ás Mulleres Vinculadas ó Mundo da Prostitución”** cun **Plan Específico de emprego** que traballa por **enfatizar as capacidades de cada usuario**, capacitando ó mesmo para traballar noutros posibles campos laborais: **limpeza e hostalería principalmente.**



Fundación Amigos de Galicia

FAMILIAS MONOPARENTAIS;



Se entende por tal, **aquela familia que está composta por un só proxenitor e un ou varios fillos**. Principalmente, consiste nunha nai con un ou varios fillos ó seu cargo. Este colectivo supón **o 66% das familias atendidas** mediante o **“Plan de Axuda ás Persoas en Situación de Carencia de Recursos Económicos”**

Estas familias, pola súa simple condición de monoparentais, teñen que afrontar o problema de **compatibilizar a maternidade coa formación e o emprego**. O rol de xénero, asignado ás mulleres, as sitúa como as coidadoras naturais das persoas dependentes, entre elas: fillos e fillas. Mentres na Comunidade Europea houbo un maior avance sobre a cuestión, en España se carece, practicamente, de medidas de apoio para o coidado dos nenos e nenas. A sociedade segue funcionando baixo o modelo de familia tradicional e co reparto de tarefas en base ó xénero. Así, se a falla de recursos e apoios xera enormes dificultades para conciliar a vida familiar e laboral dunha “familia tradicional”, **a situación se volve máis complexa para aquelas familias que non responden ó modelo tradicional, para aquelas que se teñen que facer cargo dos seus fillos en solitario**.

En principio, ó termo máis común para referirse ás familias monoparentais é o de **“nai solteira”**. Na maioría, **estas teñen que enfrontarse a unha serie de problemas e limitacións** –ás veces de modo inconsciente- **que supoñen unha serie de limitacións a súa integración social e o seu desenvolvemento persoal**.

Os principais problemas son;

-carencia de recursos económicos, as dificultades de conciliación da vida familiar e laboral implican, en moitos casos, a limitación das mulleres na obtención de recursos froito do traballo por conta allea, dado que para poder facer fronte as súas obrigas parentais, **moitas mulleres teñen que limitar a súa vinculación ó mercado de traballo cun contrato a media xornada ou por horas que limita, por tanto, os seus ingresos**.

-a sobrecarga; as nais solteiras asumen en solitario funcións parentais, tarefas domésticas, responsabilidades na educación e o peso de ser a única fonte de ingresos da familia. Xeralmente, esta carga de responsabilidades condena a ausencia de vida persoal. A presión da familia de orixe contribúe a empeorar esta situación, sentíndose desbordadas en moitas ocasións.

-a soidade; a situación anterior lles impide dedicar tempo a súa vida persoal e/ou social, e contribúe ó aillamento e a xerar sentimentos de soidade e abandono. Ademais, un dos temores ós que se enfrentan as nais solteiras é a imposibilidade de refacer as súa vida sentimental afectiva, co medo a que ninguén as volte a querer.



-a dependencia; en referencia á xuventude da nai, a familia de referencia pode ter que tomar as rendas da situación e poñer as normas de convivencia, tendo en moitos casos a autoridade os avós. Hai moitos casos nos que o neno non é de ninguén, ata que nace e é de todos. Na actualidade, os pais nos as botan de casa, pero teñen que aguantar o maltrato psicolóxico e as humillacións de quen lle proporciona onde vivir e os medios para subsistir.

-Baixa autoestima; hai unha serie de acontecementos que inflúen negativamente na autoestima das nais solteiras: os cambios físicos derivados do embarazo, o illamento do seu grupo de iguais, o abandono dos estudos para cooidar o bebé, a infructuosa busca de emprego sen preparación e sen experiencia, baixo a norma dos pais que lle impide tomar as súas propias decisións, trasladándolle a culpabilidade por haberse quedado embarazadas.

-Estigmación; A sociedade actual non rechaza como antaño, a nai solteira como pecadora e inmoral. Pero, en moitos casos, se percibe hacia elas un rechazo encuberto, debido a súa estigmación como incultas e analfabetas, non se as ten en conta en case ningún sitio nin se respetan os seus dereitos a nivel familiar e/ou social. Sistemáticamente, perciben este rechazo cando tratan de negociar coas institucións, e se senten excluídas das reunións.

-Desemprego; Ser muller e ter cargas familiares constitúe unha das maiores dificultades para conseguir un emprego. As nais solteiras teñen que traballar para poder subsistir, sendo a única fonte de ingresos da súa familia, pero tamén contan con maiores problemas na conciliación da vida familiar e laboral, por estar soas na crianza dos seus fillos.

-Risco de exclusión social; consideramos que todos estes factores implican un maior risco de exclusión social: maior necesidade de apoio económico, de emprego, de vivenda, de corresponsabilización en tarefas familiares, de servizos de apoio familiar, de cultura e de educación.



Fundación Amigos de Galicia

INFANCIA



O **6 de decembro de 1.990**, España ratificaba a **Convención sobre os Dereitos do Neno** nos que 193 países se comprometían a **asegurar ós rapaces a protección e coidados necesarios para o seu benestar**, adoptando para elo tódalas medidas administrativas, lexislativas e de outra índole para dar efectividade ós dereitos recoñecidos na Convención. **No presente ano 2.011, son cuantiosos os aportes que están pendentes no eido do menor:** dotación de recursos específicos para a infancia –na que España se atopa entre as máis baixas de Europa-, traballar na falla de coherencia na aplicación de prácticas de plans e normativas no eido de atención á infancia, loita contra a inequidade, exclusión social e vulnerabilidade dos dereitos de determinados grupos de menores –minorías étnicas, rapaces con discapacidade, menores en situación de desprotección...-, busca de medidas encamiñadas a dar resposta á vulnerabilidade asociada ó elevado índice de pobreza infantil, dotar de calidade á ensinanza e tratar de mellorar os malos resultados educativos, así como solventar a falla de protagonismo da infancia na axenda política e social e o importante déficit de participación infantil na sociedade.

Menores en España:

A estrutura e o tamaño dos fogares, así como algunhas características das familias –número de membros, monoparentalidade, situación laboral dos pais e nivel educativo dos mesmos...- nos din moito do entorno familiar no que crecen os rapaces. Nos fogares monoparentais e nas familias numerosas se dispara o risco de pobreza. Na actualidade, **en España, o 24% dos rapaces están en risco de pobreza**. Case 2 millóns de rapaces viven por debaixo do 60% dos ingresos medios. En Galicia, **o 22,9% da poboación se atopa en dificultades de ver satisfeitas as súas necesidades básicas**.

Discriminación dos menores, con barreiras inda existentes para o acceso dos fillos de inmigrantes en situación irregular ós servizos de saúde e educación nas mesmas condicións que outros menores. Prima o interese do menor fronte a outros factores.

Educación; a pesar dos importantes avances na escolarización universal e de gratuidade, España presenta uns indicadores moi preocupantes en relación a aspectos tales como o rendemento, o abandono e o fracaso escolar. A loita contra o abandono escolar foi unha das políticas da infancia utilizadas para combater a pobreza infantil.¹



Protección dos menores; a situación dos rapaces con nenos e nenas con problemas de conduta foi esencial para a preocupación do Comité. Esta alarma xurde sobre todo en relación cos centros privados financiados con fondos públicos, no que hai unha enorme variedade de intervencións e unha clara falla de criterios e procedementos, con especial mención de aqueles nos que os rapaces e adolescentes son privados de liberdade. Así, o traspaso ós centros ha de ser unha medida excepcional como último recurso, e debe ser autorizado en tódolos casos por unha autoridade xudicial, despois de haber escoitado ó menor.

Abuso sexual; eido no que está pendente o desenvolvemento do II Plan Nacional de Acción contra a Explotación Sexual dos Nenos e Adolescentes e o lanzamento do rexistro que permite ós corpos xudiciais compartir datos sobre delinquentes sexuais que ven con preocupación o incremento dos casos de pornografía infantil e o abuso sexual relacionado con internet.

Menores extranxeiros non acompañados, se estima que sobre 6.500 rapaces chegaron ó noso país sen apoio de adultos. Neste eido, quedan baleiros pendentes nos que mellorar: é necesario tomar medidas para previr as expulsións irregulares, mellorar os centros de acollida de emerxencia, informar ós menores de idade para que coñezan as posibilidades de solicitar asilo e formar ós profesionais en contacto directo con estes rapaces en temas de asilo e tráfico de persoas.

“10.715 RAZÓNS PARA TER GRANDES ESPERANZAS”

Na sociedade actual, **o concepto de vulnerabilidade social é cada vez máis importante, dado que calquera membro da sociedade pode chegar a atoparse nesta situación.** Vivimos inmersos nunha complicada estrutura política, social e económica que non é capaz de evitar a xeración de novos perfís susceptibles á marxinación social.

Unha posible definición de vulnerabilidade social podería ser definida como unha condición social de risco ou dificultade, ***non afectando unicamente ás clases máis baixas.***

Socialmente, os maiormente vulnerables á exclusión social son os rapaces. Moitos dos nenos atendidos a través da entidade se atopan nunha condición social de risco –tal como a carencia de recursos económicos das súas familias- situación de risco ou vulnerabilidade que invalida ou incapacita de maneira inmediata o futuro dos grupos



afectados na satisfacción do seu benestar –tanto en subsistencia como en calidade de vida-.

Analizando o perfil das persoas en situación de exclusión social, por regra xeral trátase de ***muller de entre 25-49 anos***, na súa maioría: ***con fillos a cargo***. Fillos que pasan a ***atoparse en situación de exclusión social ou situación de risco de exclusión social***. A media do número de fillos que teñen as persoas galegas en situación de exclusión social é de tres, ***pero o 28% das persoas en situación de exclusión social teñen máis de tres fillos***.

Estes menores, ***de modo cotiá, se enfrontan a situacións que poden derivar na súa exclusión social***. Ademais, moitos deles presentan ***altas taxas de absentismo escolar, froito da exclusión social dos membros da súa unidade familiar. A limitación no acceso ós recursos tamén propicia as súas posibilidades de ser excluídos socialmente***,

Para a Fundación Amigos de Galicia ***os menores son a prioridade***, é por elo que os técnicos da entidade promoven o desenvolvemento de ***proxectos que incentiven o desenvolvemento formativo- académico dos menores, tratando de capitalalos ó máximo para facilitar a súa inserción no mercado de traballo***. Ademais, ***a entidade desenvolve unha serie de accións que garanten a cobertura das necesidades básicas dos nenos; no eido da alimentación, da vestimenta e do calzado, dos produtos hixiénicos, do material escolar e dos xoguetes, principalmente***.

-Alimentación; Fundación Amigos de Galicia entrega paquetes alimenticios ós menores de familias en situación de carencia de recursos económicos de Galicia, enfocados principalmente ás necesidades nutricionais dos menores.

-Roupa e calzado; en función das necesidades; a entidade entrega roupa nova e calzado os rapaces de ata 20 anos. Esta roupa, totalmente nova, evita que os menores –mais susceptibles á marxinación social- sexan marxinados por razóns de vestimenta e calzado.

-Produtos hixiénicos; a carencia de recursos económicos das familias e a ausencia de recursos cos que dar resposta ás súas necesidades de hixiene, provoca en moitas ocasións que ***se axilice o proceso de marxinación social***. Fundación Amigos de Galicia distribúe produtos hixiénicos en función das necesidades dos menores, de cara a que estes dispoñan de tódolos medios co que manter unha hixiene axeitada, evitando deste xeito, situacións de exclusión vinculadas a este feito.

-Material escolar; cando ***unha unidade familiar ten dificultades para chegar a fin de mes, prioriza os gastos***, de xeito que a inversión na educación dos menores a cargo pasa a un segundo plano. A Fundación Amigos de Galicia considera indispensable a formación dos menores, desenvolvendo as súas capacidades de modo que poidan ser inseridos –no momento que corresponda- no mercado de traballo.



-Xoguetes; inda que *non é unha necesidade tan básica como as especificadas con anterioridade, a distribución de xoguetes na campaña de Nadal a tódolos rapaces* menores de 12 anos, *contribúe a promover a igualdade de tódolos menores de Galicia, independentemente dos ingresos da súa unidade familiar.*

-mobles e enseres do fogar; en función das necesidades específicas de cada unidade familiar.

Deste xeito, *a entidade pretende evitar toda situación que teña que vivir un menor e que poda sitúalo nunha situación de risco de exclusión social, promovendo toda acción que enfatice a igualdade dos menores, independentemente dos ingresos da súa unidade familiar de referencia, tratando de evitar o absentismo escolar, e promovendo o desenrolo das capacidades dos menores de xeito que se facilite, no momento preciso, a súa incorporación ó mercado de traballo.*



Fundación Amigos de Galicia

PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO




A última enquisa de poboación activa (EPA) cumpriu os augurios máis pesimistas e arroxou o peor saldo de paro da historia de España. Son, na actualidade, **4.360.926 persoas en situación de desemprego** -281.124 persoas máis nos últimos tres meses -. **Un 21,52% da poboación**, taxa que non se alcanzaba dende 1.996. Galicia, con **253.416 persoas en situación de desemprego**, conta cun 17,5% da poboación activa en situación de desemprego, **91.583 persoas en situación de desemprego que non contan con ningún tipo de axuda a tal efecto.**

Dende que en outubro de 2.007 empezaron a percibirse os primeiros síntomas de desaceleración da economía española, o número de persoas en situación de desemprego creceu en 3,187 millóns de persoas, un 178% en apenas catro anos. Segundo o Servizo Público de Empleo Estatal, dos casi cinco millóns de persoas desocupadas, pouco máis da metade (2,7 millóns) cobran un subsidio.

#Evolución Desemprego mensual Galicia;

Mes	Persoas en situación de desemprego
Outubro 2.010	223.894
Novembro 2.010	231.721
Decembro 2.010	237.313
Xaneiro 2.011	245.831
Febreiro 2.011	248.279
Marzo 2.011	249.246
Abril 2.011	244.662
Maio 2.011	240.014
Xuño 2.011	233.557
Xullo 2.011	223.000
Agosto 2.011	224.582
Setembro 2.011	232.918
Outubro 2.011	242.142
Novembro 2.011	253.416
Decembro 2.011	258.234



Parados de longa duración;

Considerando como tal, unha persoa inscrita, como demandante de emprego, de forma ininterrompida, durante un período superior a un ano. **O desemprego de longa duración provoca unha distorsión do mercado de traballo**, xa que este tipo de persoas en desemprego non poden competir coas persoas empregadas, porque as empresas non os consideran “elixibles”, na medida en que entenden que non son capaces de substituír ós que están desempeñando as súas mesmas tarefas e polo tanto, non presionan á baixa os salarios e non reconducen o mercado novamente equilibrio. En España, **entre 2.008 e 2.010, se duplicou o paro de longa duración, representando o 45,1% dos desempregados. En Galicia, existen 13.000 fogares sen ningún tipo de ingresos. Máis de 1.400 familias perderon o seu fogar no ano 2.011.**

En España, 560.000 familias non dispoñen de recurso económico algún. Valorando esta taxa sobre a totalidade da poboación, 3,2% da poboación total non conta con ingreso económico algún.

Ademais, 55.400 familias –cuxa unidade familiar supera os catro membros- ningún dos seus membros percibe prestación económica algunha –salario, prestación, subsidio, pensión...- O mesmo ocorre en 22.000 fogares en España nos que vive un número superior ás cinco persoas.



Este é o peor escenario da historia dende que existen series estadísticas. Así, na actualidade en España, **só dous fogares de cada dez conta con máis de dúas rendas.**



PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL;



O ano 2.010 é o “**Ano de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social**”. Os estados membros do Consello Europeo recoñecen o **dereito fundamental da persoa a recursos e prestacións suficientes para vivir conforme á dignidade humana, dentro dun dispositivo coherente e global de loita contra a exclusión social**. Asemade, tamén se refiren “**o acceso a este dereito, sen límite de duración, sempre que se cumpran as condicións de acceso e quedando entendido que, concretamente, o dereito poderá asignarse por períodos de tempo limitados pero renovables.**” Cabe salientar que o máis relevante é que a este dereito se lle outorgaba un carácter auxiliar respecto dos demais dereitos en materia social, derivado da necesidade de establecer, como obxectivo paralelo ás políticas públicas de carácter xeralista en materia de benestar, **a reinserción das persoas excluídas dos sistemas de dereito xeral**.

Así, no informe presentado sobre “protección e inclusión social” se mantén que ***a mellor protección contra a pobreza e a exclusión social é o emprego de calidade para as persoas que poden traballar, recoñecéndose ademais que para aquelas que non poden é preciso prever unhas axudas aos ingresos e fomentar a súa participación social.***

Entre os obxectivos establecidos precisamente para o ano 2010, declarado Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, se incide no recoñecemento dos dereitos das persoas que viven en esa situación. Así, se recoñece **o dereito fundamental das persoas que se atopan en situación de pobreza e exclusión social a vivir con dignidade e a desempeñar un papel activo na sociedade**, de maneira que se recomenda a acción pública que trate de **fomentar a autonomía destas persoas, proporcionándolle acceso a uns ingresos dignos, a servizos de interese xeral e ao mercado de traballo**.

En Galicia, a inclusión activa é unha das prioridades do goberno, a través do I e II **Plan Galego de Inclusión** (2000-2006) (2007-2013) que, estreitamente vinculados coa **RISGA** foron construíndo unha **estratexia galega de inclusión social**, respondendo, con orzamentos específicos, a aquela directriz de **combinar medidas de ingresos mínimos con outras actuacións orientadas a compensar déficits de capacitación, de sociabilidade e de axuste persoal, así como facer o mercado de traballo máis inclusivo e facilitar o acceso en igualdade a servizos de calidade**.

En definitiva, trátase de avanzar no deseño de instrumentos legais e de servizos á cidadanía que equilibren tres aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situación de grave pobreza e exclusión, o dereito a un acompañamento e apoio profesional e financeiro para adquirir novas cualificacións e o dereito, unido á responsabilidade individual, de non permanecer nunha situación de dependencia crónica de prestacións públicas.

A citada lei ten por obxecto a mellora da cohesión e a inclusión social en Galicia, mediante o establecemento e a regulación dun conxunto de dereitos e



recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social. Na mesma, quedan reguladas as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións de responsabilidade pública para a inclusión social e de maneira específica, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da Renda de Inclusión social de Galicia e das axudas de Inclusión Social. Tamén quedan reguladas na mesma, os dereitos e as obrigas dos perceptores das citadas prestacións en relación coa súa participación en itinerarios personalizados que, co apoio do Sistema Galego de Servizos Sociais e do Sistema Público de Emprego en Galicia, permiten acadar a súa autonomía e inserción sociolaboral, así como as bases para o deseño e execución coordinada de políticas activas dende diversos ámbitos de actuación pública, dirixidas a sectores de poboación en situación ou risco de exclusión social.

Na valoración dunha persoa como colectivo en situación ou risco de exclusión social, poden ter consideración a presenza de diversos factores;

- estar nunha ***situación de cargas familiares non compartidas***
- estar en ***proceso de rehabilitación social***, como proceso dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou calquera outra que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- Ter a condición de ***muller vítima de violencia de xénero***
- ter unha discapacidade valorada, superior a 33%***
- Ser ***inmigrante ou emigrante retornado***
- Proceder de institucións de ***protección ou reeducación de menores***
- Proceder do cumprimento dunha ***pena nunha institución penitenciaria***
- Ser unha ***persoa sen fogar ou habitar unha infravivenda***
- Pertencer a unha minoría étnica***, cando tal condición agrava as dificultades de integración sociolaboral.
- Estar en proceso de ***abandono do exercicio da prostitución***
- Ter a condición de ***persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual***
- así como calquera outra persoa que teña ***diferentes circunstancias no seu contexto persoal, familiar e social que condicione negativamente e gravemente a súa inclusión social e/ou laboral.***



Fundación Amigos de Galicia

INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS



As persoas inmigrantes, na nosa comunidade autónoma, se enfrontan, a cotiá, ante **situacións de dificultade social, sen poder contar co apoio da familia extensa**. A prioridade coas persoas inmigrantes debe basearse **na súa integración**, dado que sen integración –que implica convivencia, igualdade de oportunidades e mutuo respecto ás crenzas, culturas e concepcións de vida– non sería posible desenvolver tódalas actividades positivas que nos presentan os fenómenos migratorios.

Son **milleiros de persoas os que chegan a Galicia con gañas de iniciar un proxecto de vida que converta en realidade tódalas súas expectativas**. Nun primeiro lugar, estas persoas **precisan información sobre acceso á saúde, educación, vivenda, emprego, educación, servizos sociais, puntos de atención, asociacións, sindicatos e outras entidades ou institucións de interese como consulados, rexistro civil...**

Os primeiros trámites a realizar, cando un inmigrante é acollido por unha cidade galega son; **o empadramento, a tarxeta sanitaria e a seguridade social**. A cotiá, estas persoas se atopan ante dificultades para a tramitación dos mesmos.

O empadramento é un deber e un dereito de tódalas persoas, e son requisitos básicos para a solicitude da tarxeta sanitaria e a seguridade social.

Persoas inmigrantes e acceso á saúde; toda persoa extranxeira, inscrita no padrón de habitantes dalgún concello de Galicia cunha antigüedade de 6 meses ou superior, ten **dereito á asistencia sanitaria nas mesmas condicións que a cidadanía española** –salvo os **menores de 18 anos que teñen acceso á asistencia sanitaria en calquera caso e as mulleres embarazadas que terán asistencia sanitaria en calquera caso durante o embarazo, parto e postparto**. En situacións de **urxencia médica**, queda garantizado o acceso á sanidade **para toda persoa inmigrante**, independentemente da **súa regularidade no país**.

Persoas inmigrantes e educación; a **escolarización en España é obrigatoria** entre os 6 e os 16 anos. Calquera concello de Galicia goza de centros públicos suficientes que garantan este dereito dos menores.

Plan de retorno voluntario e incentivado de traballadores extranxeiros ós seus países de orixe; medida que pretende **fomentar o retorno das persoas extranxeiras que así o desexen, favorecendo o desenvolvemento dos países de orixe mediante o regreso de persoas cualificadas que disporán dun capital que lles permitirá reintegrarse no mercado laboral e poñer en funcionamento unha actividade profesional no seu país**. A este programa se poden acoller as persoas traballadoras extranxeiras non comunitarias dalgún dos vinte países cos que España ten convenios bilaterais da Seguridade Social que sexan **beneficiarias da prestación contributiva por desemprego ou teñan recoñecido o dereito a percibila**. O abono da prestación, no momento que se acollan a este pago, será feito en dos prazos, un primeiro [40%], en España, unha vez recoñecido o



dereito e outro [60% restante] no país de orixe, entre 60 e 90 días máis tarde. **A persoa que se acolle a esta axuda se compromete a non retornar a España no prazo de 3 anos, contados dende a recepción do primeiro pago.**

Nembargantes, **a situación das persoas inmigrantes en España en xeral e en Galicia en concreto non é moito máis doada que a vivida no país de orixe.** As persoas inmigrantes en Galicia se atopan con **trabas sociais e culturais, con dificultades no acceso á vivenda e á saúde, dificultades no acceso ó mercado de traballo e situacións de continua desigualdade con respecto ás persoas nacionais.**

O 82% das familias inmigrantes en España teñen dificultades para chegar a fin de mes, unha cifra que descende o 61,10% se trata de inmigrantes comunitarios. En relación á renda anual por persoa en España, a dun español é de 10.297€ anuais, a dun inmigrante comunitario é de 8.099€ e a de un inmigrante non comunitario é de 6.647€.

O 42% das familias inmigrantes ten algunha carencia relacionada con gastos imprevistos, retrasos nos pagos de vivenda e necesidades de alimentación. A maior parte das familias inmigrantes contan ademais con menores ó seu cargo, quedando en risco de cobertura necesidades básicas no eido da alimentación, no eido da hixiene, no eido da vestimenta e o calzado...

“Programa enfocado á atención das Persoas Inmigrantes en Situación de Carencia de Recursos económicos de Galicia”

A Fundación Amigos de Galicia, coñecedora da **situación de susceptibilidade na que viven as persoas inmigrantes desenvolve un programa enfocado a dar resposta ás necesidades básicas destas familias, nos ámbitos da alimentación, da vestimenta e calzado, da hixiene, dos enseres do fogar... distribuíndo paquetes de axudas enfocados as necesidades concretas de cada familia inmigrante.**

Ademais, a entidade realiza diversos cursos formativos enfocados ás persoas inmigrantes con residencia en Galicia, **de cara a acadar a súa capacitación para incrementar as súas posibilidades de inclusión no mercado de traballo.**

Neste eido, cabe facer mención a que a entidade **conta cunha empresa de inserción laboral FAG PUBLI, creada co fin de promover a inserción laboral das persoas en situación de susceptibilidade social.**



Fundación Amigos de Galicia

PERSOAS MAIORES



As estatísticas claramente **demostran que os niveis de abusos e maltratos a colectivos de persoas maiores son claramente maiores ó do resto das persoas. Entre as persoas máis indefensas e con factores de risco, se atopan as persoas maiores, susceptibles en moitos casos ó maltrato. A entidade desenvolve unha serie de actuacións dirixidas ás persoas maiores, que en moitos casos contan únicamente con pensións mínimas que non lles permiten dar cobertura as súas necesidades máis básicas. Hai dous modos de atención ás persoas maiores:**

Atención directa ás persoas maiores:

Neste eido, se atende ás **persoas maiores que residen no seu domicilio, soas ou acompañada doutra persoa maior** –entendendo por persoa maior, para este fin, toda aquela persoa que supera os 65 anos de idade coas limitacións físicas que este feito supón- que se atopan en situación de carencia de recursos económicos –**percibindo unhas pensións mínimas e tendo que afrontar gastos de aluguer, vivenda, luz, auga, gas...- con escaseza de apoio social e familiar.**

Para apoiar a estas familias; a Fundación Amigos de Galicia distribúe de modo mensual paquetes alimenticios que conteñen produtos tales como: arroz, pasta alimenticia, cereais, galletas, cacao, azucre, café soluble, leite UHT, leite en po, fariña, garavanzos, fabas, lentellas, pratos precociñados, hortalizas, froita, carne, peixe, polbo, patacas, produtos en conservas... así como calqueira outro que puidesen precisar.

Ademais, a entidade xestiona a entrega de produtos hixiénicos en función das necesidades das persoas para que teñan cubertas as súas necesidades de produtos hixiénicos.

Tamén, en función das súas demandas, a entidade realiza axudas de roupa e calzado. Dende o 2009, a Fundación Amigos de Galicia dispón dunha lavandería na que se recepcióna a roupa doada por empresas e particulares, que tras un proceso de lavado, pasado a prancha e embalado na Lavandería Industrial do centro, que asegura que a roupa reúne todas as condicións para que as persoas que así o precisen poidan facer uso dela,

Mobles e enseres do fogar, así coma electrodomésticos, para dar resposta ás necesidades das persoas maiores que, con rendas mínimas, non poden asumir a merca de frigoríficos, calefactores, deshumificadores... que necesitan para poder manter as súas condicións de saúde.

Atención ós comedores e asilos de persoas maiores, que se encargan da atención ás persoas maiores:



- Mediante a distribución de alimentos que poidan precisar para atender as necesidades nutritivas das persoas maiores (polbo, peixe, carne, froita, hortalizas...) entregándoos directamente no centro.
- Mediante a distribución dos produtos hixiánicos que precisen para a atención das necesidades hixiánicas das persoas alí acollidas.
- Mediante a distribución de roupa de cama, en función das necesidades.



***“PLAN DE COBERTURA DE
NECESIDADES BÁSICAS DAS
PERSOAS CARENTES DE
RECURSOS ECONÓMICOS DE
GALICIA”***



A estrutura do **Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia** xurde da **necesidade de garantir o estado de benestar**, relacionado coa **protección social dos colectivos especialmente vulnerables**, de modo que se lle faciliten medios que permitan a **cobertura das súas necesidades básicas da vida cotiá –e das persoas ó seu cargo-**: no eido da alimentación, vestimenta e calzado, hixiene, necesidades derivadas da escolarización dos menores, vivenda, xoguetes, e achegas puntuais para débedas concretas, entre outras medidas que se estimen oportunas.

Área de actuación; o Plan de Cobertura de Necesidades Básicas abrangue toda a **comunidade autónoma de Galicia**, actuando onde se detectan situacións de necesidade, principalmente en unidades familiares con menores ó seu cargo;

*-Provincia de **Pontevedra**;*

*-Con **Convenio de Colaboración**;*

As Neves, Caldas de Reis, Cambados, Cuntis, Lalín, Meis, O Grove, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Soutomaior, Valga, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

*-**Directamente** –sen convenio de colaboración nin ningún tipo de axuda por parte do concello-;*

Agolada, Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Cangas, Cañiza A, Catoira, Cotobade, Covelo, Estrada A, Gondomar, Guarda A, Illa de Arousa, Lama A, Marín, Meaño, Moaña, Moraña, Mos, Nigrán, Pontecaldelas, Porriño, Redondela, Ribadumia, Rodeiro, Salceda de Caselas, Sanxenxo, Silleda, Tui, Vila de Cruces, Vilaboa e Vilanova.

*-Provincia de **A Coruña**;*

*-Con **Convenio de Colaboración**;*



A Baña, Carballo, Curtis, Dodro, Laracha A, Negreira, Padrón, Rianxo, Rois, Santa Comba, Teo, Tordoia, Val do Dubra, Vilasantar.

-Directamente –sen convenio de colaboración nin ningún tipo de axuda por parte do concello-;

A Coruña, A Pobra, Ames, Arteixo, Arzúa, As Pontes, Betanzos, Boiro, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabanas, Cambre, Camariñas, Carnota, Carral, Cee, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Fene, Ferrol, Fisterra, Frades, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Melide, Muros, Muxía, Narón, Noia, O Pino, Outes, Oleiros, Ordes, Oroso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Sada, Santiago de Compostela, Toques, Vimianzo.

-Provincia de Ourense;

-Con convenio de colaboración;

Ourense, Arnoia

-Directamente –sen convenio de colaboración nin ningún tipo de axuda por parte do concello-;

Allariz, Arnoia, A Gudiña, A Rúa, Barco de Valdeorras, Beade, Cartelle, Castrelo de Miño, Castro Caldelas, Carballiño, Celanova, Coles, Irixo, Leiro, Lobios, Maceda, Maside, Merca, Mezquita A, Monterrei, Peroxa, Petín, Ribadavia, Verín, Viana do Bolo.

-Provincia de Lugo;

-Con convenio de colaboración;

Begonte, Lugo, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pol, Rábade, Sarria, Taboada, Portomarín


-Directamente –sen convenio de colaboración nin ningún tipo de axuda por parte do concello-;

Abadín, Alfoz, A Pontenova, Baralla, Barreiros, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Chantada, Cospeito, Fonsagrada, Foz, Güitiriz, Lancara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso,



Muras, Nogais As, O Valadouro, Ourense, Pastoriza, Portomarín, Quiroga, Ribadeo, RioTorto, Triacastela, Vilalba, Viveiro, Xove.

Concellos con Convenio de Colaboración; a pesar de que a **Fundación Amigos de Galicia presta axuda por case tódolos concellos de Galicia**, só nos concellos expostos a continuación existe unha colaboración por parte do persoal técnico de servizos sociais do concello na detección de situacións de necesidade e no seguimento das familias derivadas ó Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos económicos de Galicia.



Obxectivos;

1. Obxectivo Xeral;

Cobertura de Necesidades Básicas das familias.

2. Obxectivo Específicos;

-Cobertura das necesidades alimenticias das familias en situación de carencia de recursos económicos de Galicia.

-Cobertura das necesidades nutricionais dos menores de familias sen recursos económicos de Galicia

-Cobertura das necesidades de vestimenta e calzado das persoas en situación de carencia de recursos económicos, principalmente dos menores en idade de desenvolvemento físico das distintas unidades familiares.

-Cobertura das necesidades de produtos hixiénicos das familias.


-Resposta ás necesidades de mobles e enseres do fogar.

-Énfasis á igualdade dos menores independentemente dos ingresos económicos da súa unidade familiar.

-Integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social.


-Cobertura das principais débedas, evitando a acumulación das mesmas.

-Medidas;






Estes **paquetes alimenticios** conteñen produtos non perecedoiros tales coma pasta alimenticia, arroz, cereais, galletas, fariña, produtos en conserva, pratos precociñados, azucre, cacao soluble, café, leite UHT, leite en pó, aceite, aceite de xirasol, zume, natillas, lentellas, fabas, garavanzos... **así como tamén produtos perecedoiros enfocados, principalmente, ás demandas nutricionais dos menores: carne e peixe, froita, hortalizas, patatas...** Ademais, no caso de existir menores **lactantes na unidade familiar**, os **bebés reciben tamén leite de continuación e cereais infantís [ademais de produtos para a súa hixiene específica, tales como pañais]**






3. Reparto de produtos de hixiene persoal




4. Reparto de material escolar






5. Reparto de mobles, electrodomésticos e enseres do fogar, en función das necesidades



6. Inserción das persoas no mercado laboral.





Plan de emprego e formación 2.011- 2.012

A Fundación Amigos de Galicia está levando a cabo unha iniciativa de **promoción e consolidación de postos de traballo** na comunidade autónoma de Galicia, respondendo a unha estratexia de desenvolvemento **“para” e “por” a poboación**.

Este programa representa unha aposta firme da entidade **cuia finalidade é facilitar a inserción no mercado laboral** de todas aquelas persoas que por razóns de idade, sexo, cargas familiares e carencias formativas forman parte dos colectivos máis desfavorecidos, **incentivando e facilitando formación das persoas en situación de desemprego**, mediante o desenrolo de cursos de formación que **contribúan a fomentar as capacidades das persoas** de cara a acadar a súa incursión no mercado de traballo.

Do mesmo xeito, **Fundación Amigos de Galicia está a traballar na creación de empresas de inserción laboral nas que se poidan inserir laboralmente ás persoas con dificultades de acceso ao emprego** debido a factores de idade, sexo, nacionalidade ou crenzas relixiosas. Para tal fin, a entidade conta con experiencia previa no sector da inserción sociolaboral das persoas en situación de susceptibilidade social, habendo creado **no ano 2.010 FAG PUBLI**; empresa de inserción sociolaboral que promoveu a contratación, prioritariamente, de mulleres vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais e parados de longa duración.

Obxectivos do Plan:

- **Inserción sociolaboral** de persoas que por razóns de idade, sexo, cargas familiares e carencia de formación forman parte dos colectivos máis desfavorecidos de cara a busca de emprego.
- **Promoción e apoio de iniciativas de autoemprego** no ámbito dos novos xacementos, relacionados coa prestación de servizos de atención a colectivos con especiais dificultades.
- **Formación das persoas usuarias do Plan**, de cara a **capacitación das mesmas** de modo que se facilite a súa inserción no mercado de traballo.

Destinatarios:

Os requisitos dos que deben cumprir os **destinatarios directos** son:

- Demandantes de emprego inscritos no servizo público de emprego.



- Maiores de 18 anos.
- Dando prioridade ós seguintes colectivos;
 - Persoas novas menores de 30 anos,*
 - Persoas maiores de 45 anos,*
 - Parados de longa duración e pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.*

Accións Específicas concretas ó Plan:

A Fundación Amigos de Galicia mediante un **Servizo de Orientación Laboral** busca ofrecer aos desempregados unha atención personalizada na busca de emprego **encargándose de realizar:**

- **Análise de Competencias Profesionais e Persoais**
- **Definicións de Obxetivos Profesionais**
- **Asesoramento e Xestión de Curriculum Vitae e Cartas de Presentación.**
- **Formación básica aos usuarios de cómo enfrontarse a una entrevista de traballo.**
- **Información Actualizada do Mercado Laboral,** recepcionando a entidade as ofertas de traballo e trasladándollas ás persoas aptas para cubrir os postos.

Así mesmo a Fundación pretende levar a cabo un **Servizo de Inserción Laboral,** mediante:

- **Accións Grupais de Competencias Persoais e Técnicas de Búsqueda de Emprego**
- **Acompañamento e Seguimento da Inserción Laboral**
- **Un dos obxectivos da entidade é promover a Inserción Laboral por conta Propia, mediante as Seguintes Accións:**
 - Elaboración dun plan de Empresas a Emprendedores.
 - Trámites de Creación de Empresas.
 - Asesoramento en Materia Fiscal, Laboral e Mercantil.
 - Información de Subvencións.

Metodoloxía:

A Fundación Amigos de Galicia pretende a inserción no mercado de traballo das persoas derivadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia; para tal fin o procedemento é o seguinte;

-Os técnicos da entidade, recepcionan o persoal derivado para a súa inserción, traballando na súa capacitación de cara á inserción no mercado de traballo.



-Por outra banda, **a entidade traballa en coordinación con empresas ofertantes de emprego para coñecer os requisitos esixidos na selección de traballadores,**

-Adecua as ofertas recepcionadas ós perfis dos usuarios atendidos a través da entidade.

Toda esta información queda recollida coa publicación **dun boletín de emprego semanal ou quinquenal** -segundo proceda- **en soporte tanto físico como dixital no que se recompilan ofertas de traballo -tanto público como privado-, así como a oferta formativa, e subvencións as que poden acceder as Persoas Usuarias do Plan de Emprego e Formación;**

As **vías de atención ás persoas demandantes de emprego** son as seguintes:

- A Fundación recepciona todas as **persoas demandantes de emprego, xestionando o seu currículum vitae e cartas de presentación .**
- **Recepción de ofertas de emprego, trasladando as mesmas ás persoas aptas para cubrir os postos.**
- **Recepción dos cursos de formación que están a desenvolver outras entidades, derivando ós mesmos ás persoas carentes de formación.**
- **Xestión de cursos de formación para a capacitación das persoas.**
- **Levar a cabo unha coordinación con ofertantes de emprego mediante o cal coñece as súas demandas e o perfil requerido para futuros traballadores.**
- **Trasladar ás empresas, usuarios que reúnan o perfil requerido coa finalidade de acadar a súa inserción no mercado de traballo.**

Este Plan de Emprego e Formación será xestionado por Mercedes Hernández, técnico de emprego da entidade.



7. “Ningún Neno Sen Xoguetes”

Distribución de **xoguetes** novos a **tódolos rapaces de familias sen recursos menores de 12 anos**, de modo que cada Nadal, os rapaces teñan un xoguetes navideño, **promocionando a igualdade dos menores**, independentemente dos ingresos da súa unidade familiar. Os **rapaces de entre 0-8 anos reciben xoguetes novos. Os menores de entre 8-12 anos reciben un libro, para contribuir o seu desenvolvemento formativo.**

Aquelas familias cuxa situación económica é máis grave, **reciben un xoguetes cada cumpreanos**, tratando de evitar a desigualdade con respecto ós demais menores – que por razóns de idade son maiormente susceptibles á marxinación social- que a carencia de recursos podería propiciar.

Entrega de **xoguetes a centros de menores**



8. Rehabilitación de vivendas

A carencia de recursos económicos na que viven sumidas estas familias provoca que en moitas ocasións, non se poidan facer os arranxos e rehabilitacións que as vivendas precisan, carecendo así de condicións óptimas de habitabilidade para que os menores poidan vivir, en condicións dignas, no domicilio. Nestes casos, a entidade procede a rehabilitación das vivendas, dotando ós usuarios de todo o material que se precisa para a rehabilitación do fogar, e vinculando a membros da unidade familias nas tarefas de rehabilitación.

Neste ámbito, no pasado ano, cabe citar destacar as actuacións levadas a cabo en Moaña, Lalín, O Grove, Vilagarcía de Arousa, Vigo, Ferrol e Ribadavia, nas que se procedeu a rehabilitación case total da vivenda, por carecer esta de condicións totais de habitabilidade, impedindo así que se tivese que propiciar a retirada dos menores do fogar –en virtude da garantía dunhas condicións de habitabilidade mínimas] e garantindo a permanencia do menor co seu vínculo afectivo. Noutros concellos tamén se levaron a cabo intervención de carácter menor [arranxos de tellados, reorganización de habitacións, instalación de sanitarios...]



O **Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas en Situación de Carencia de Recursos económicos de Galicia** xurde coa finalidade de “**evitar que se produzan situacións que deriven na exclusión social destas familias**” porque, se se traballa por evitar que se produza a exclusión social das familias, se consegue, nun período máis curto de tempo, a inclusión social das mesmas.

Para evitar a exclusión social destas familias e incidir na igualdade de tódalas persoas, independentemente ós ingresos da súa unidade familiar, a entidade desenvolve unha serie de accións –a distintos eidos de intervención– que promoven a cobertura das necesidades básicas das persoas e a súa capacitación para proceder a inclusión no mercado de traballo, tales como as citadas a continuación e expostas xa previamente nas medidas;

-Reparto de **paquetes alimenticios**, enfocados ás necesidades nutricionais dos menores, con produtos tales como pasta alimenticia, arroz, galletas, garavanzos, lentellas, fabas, aceite de oliva, cereais, aceite de xirasol, cacao, fariña, azucre, produtos en conserva, carne, peixe, froita, hortalizas... leite de continuación, cereais infantís e pañais; de modo mensual en cada domicilio de Galicia cuia carencia de recursos económicos está constatada.

-Reparto de **produtos de vestimenta e calzado**, en función das necesidades concretas de cada usuario. Neste eido, cabe facer mención a que a Fundación Amigos de Galicia dispón dende o 2.009 dunha Lavandería Industrial na que recibe a roupa doada por empresas e particulares, para que tras un proceso de lavado, pranchado e embalado nas instalacións, e reunindo as condicións para elo, pase a ser distribuída entre as persoas sen recursos de Galicia.

-Reparto de **produtos hixiénicos**, en función das necesidades de cada familia en concreto.

-Reparto de **material escolar** para todos aqueles rapaces que, carecendo de recursos económicos, están desenvolvendo dun modo correcto os seus estudos.

-Reparto de **mobles e enseres do fogar**, en función das necesidades de cada familia concreta.

-**Achegas económicas** para salientar débedas de aluguer, luz, auga, gas, garderías... evitando que estas familias acumulen débedas que deriven na exclusión social das familias.

-Campaña “**Ningún neno sen xoguete**”, mediante a cal tódolos rapaces menores de 12 anos de familias sen recursos económicos reciben un xoguete cada Nadal.

Segundo a última actualización de datos, a Fundación Amigos de Galicia está **atendendo a través do Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas en Situación de Carencia de Recursos Económicos**



de Galicia a 18.727 persoas mensuais, 10.715 menores de modo mensual, con residencia en distintos concellos de toda a xeografía galega.

Neste ano e debido a grave conxuntura económica que estamos a vivir, a Fundación Amigos de Galicia está a **ampliar o seu ámbito de actuación a tódolos concellos de Galicia** que así o requiran có fin de paliar as dificultades económicas das persoas sen recursos, e dar resposta prioritariamente ás necesidades daquelas familias con menores ó seu cargo.

A atención ás necesidades básicas das persoas é o principal obxectivo que persegue o **Plan de Axuda ás persoas necesitadas da Fundación Amigos de Galicia**, elaborado có fin de garantir a cobertura das necesidades básicas de subsistencia das persoas sen recursos, adicando o noso esforzo coas familias que sofren pobreza alta e severa, e dunha maneira especial coas familias numerosas con nenos, mulleres maltratadas con fillos ó seu cargo, mulleres separadas cabezas de familias monoparentais, parados de longa duración, anciáns con pensións non contributivas, familias de inmigrantes, beneficiarios de prestacións mínimas (RISGA, RAI...) e dun xeito especial aos fillos e netos de emigrantes retornados de América.

Cada unha das axudas prestadas pola Fundación leva consigo un seguimento do caso que permite valorar outras posibles necesidades a paliar ou ámbitos de actuación nos que a propia entidade poida intervir. Así, estas axudas son un complemento para as persoas con baixos salarios: parados de longa duración, familias que reciben a RISGA e traballadores temporais, ademais daquelas persoas que por certas circunstancias non teñen ingresos suficientes; sendo axudas básicas nos casos graves de emerxencia social e tamén para as familias que presentan dificultades para acadar a súa integración social ademais das mulleres vítimas de violencia de xénero e das cabezas de familias monoparentais con baixos ingresos económicos.

Para levar a cabo a nosa laboura, a Fundación Amigos de Galicia traballa en coordinación con **douscentos setenta e un voluntarios e colaboradores** repartidos por toda Galicia, que detectan as situacións de necesidade e dan traslado ao persoal técnico, encargado de avaliar e dar resposta a cada demanda presentada.

Coa finalidade de satisfacer as necesidades primarias deste colectivo carente de recursos económicos, a entidade desenvolve o **“Plan de cobertura das necesidades básicas”** que consiste na **doazón dun paquete de alimentos con produtos non perecedoiros que varía o seu peso en función dos membros da unidade familiar**, composto por arroz branco, pasta, lentellas, garavanzos, aceite, fariña, leite UHT, leite en po, cereais, galletas, cacao, azucre, batidos, natillas, arroz con leite, iogur, zume, queixo,



queixo de Arzúa, carne, albóndegas, hamburguesas, polo, croquetas, peixe, polbo, conservas, turrón, mazapán, pasas, auga, froita e patacas [ademais, **no caso de que existan bebés na unidade familiar, a entidade entrega tamén leite de continuación, cereais infantís e cueiros**] que no ano 2011 acadou a cifra de **2.389.415,36 quilos de alimentos entregados**, cuns movementos do **balance** de sumas e saldos da Fundación de **2.080.362,06€**. Así mesmo dentro deste Plan se inclúe a entrega de produtos de hixiene persoal, roupa e calzado -que é nova para os menores de vinte anos e usada, e en perfecto estado de conservación, -previo proceso de adecuación na Lavandería Industrial que posúe a entidade e na que todas as prendas son lavadas, secadas, pasadas a ferro, e preparadas para a súa entrega - para o resto dos usuarios do plan.

Para desenrolar a actividade que nos ocupa, a entidade posúe na actualidade o seguinte persoal e as seguintes infraestructuras:

Persoal a disposición da fundación Amigos de Galicia:

- Corpo técnico:
 - 2 traballadoras sociais
 - 2 técnicos de emprego
 - 1 oficial administrativa
 - 1 oficial de lavandería
 - 1 traballador encargado do almacén
 - 2 traballadores encargado do reparto
 - 1 director xeral
 - 1 coordinador
- Voluntarios:
 - 271 voluntarios, distribuídos por todas as cidades e comarcas galegas.
- Persoas en cumprimento de servizos en beneficio da comunidade:
Dende os Servizos Sociais Penitenciarios, a Fundación Amigos de Galicia recibiu varios expedientes destas persoas que ao longo da súa condena, desenrolaron tarefas en colaboración cos traballadores e voluntarios da entidade das que cabe citar, entre outras, a recepción de alimentos, a elaboración de paquetes alimenticios, a distribución dos mesmos e a clasificación de roupa, actividades que son sempre supervisadas polas persoas encargadas da coordinación dos almacéns.

Infraestructuras:

- 1 camión de 12 toneladas.
- 3 furgonetas
 - ◇ unha mercada pola propia Fundación
 - ◇ unha doada pola propia Fundación de La Voz de Galicia “Santiago Rey- Fernandez LaTorre”
 - ◇ unha doada pola Deputación de Pontevedra, Citroën e Caixanova.



- 3 oficiñas
 - 1 en Vilagarcía de Arousa, sita na Rúa Fontecarmoa nº 63 - baixo
 - 1 en Santiago de Compostela, sita na Avda de Lugo nº 123
 - 1 en Vilagarcía de Arousa, sita na Rúa Ensino nº 6
- 6 centros de distribución
 - 1 en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra): inclúe nave de 480m² con cámara de frío.
 - 1 en Bamio – Vilagarcía de Arousa (Pontevedra): almacén de 820 metros²
 - 1 en Rubiáns- Vilagarcía de Arousa (Pontevedra): almacén de 1.000 metros con cámara frigorífica.
 - 1 en Rábade (Lugo): almacén
 - 1 en San Cibrao das Viñas (Ourense): almacén
 - 1 en Santiago de Compostela (A Coruña): almacén

PERFIL DESCRIPTIVO DA POBOACIÓN BENEFICIARIA DO PLAN DE AXUDA ÁS PERSOAS NECESITADAS

Os beneficiarios deste “**Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos Económicos**” son as persoas máis necesitadas da nosa comunidade, entendendo por persoas necesitadas as persoas físicas, individuais e familias, agrupacións de persoas coas mesmas problemáticas, cuxa situación de dependencia social e financeira está constatada. Darase prioridade a aquelas persoas ou grupos familiares especialmente vulnerables pola súa dificultade para afrontar por si mesmos a situación de precariedade na que se atopan, coma son: unidades familiares con nenos e/ou anciáns ao seu cargo, familias monoparentais, diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais, persoas incapacitadas para o traballo, con drogodependencias ou afectados polo VIH/SIDA, menores en situación de desamparo, mulleres maltratadas, minorías étnicas, inmigrantes, refuxiados, asilados, ex-reclusos, persoas sen fogar e persoas maiores receptoras das pensións máis baixas. Na actualidade, este perfil, dada a situación económica que estamos a vivir, esténdese ata os parados de longa duración con fillos a cargo.

Requisitos que debe cumprir o beneficiario:

As persoas que poden optar ás axudas que proporciona a Fundación Amigos de Galicia deben cumprir os seguintes requisitos:



- a. ***Carecer de ingresos suficientes para garantir a cobertura das necesidades básicas.***
- b. ***Estar empadroadas e ter residencia fixada nun concello de Galicia e que os menores estean debidamente escolarizados.***
- c. ***Cumprimentar a ficha de inscrición.***

POR PROVINCIAS OS DATOS REFLECTEN A SEGUINTE ESTATÍSTICA:

Nº de persoas atendidas por provincias no ano 2011, media mensual:

- **Pontevedra: 6.703 persoas das cales 3.882 son menores.**
- **A Coruña: 6.982 persoas, das cales 4.018 son menores.**
- **Lugo: 3.056 persoas, das que 1.603 son menores**
- **Ourense: 1.986 persoas, das que 1.212 son menores.**


Isto, fai un total **de 18.727 persoas en Galicia, 10.715 menores que reciben**, de modo mensual, axuda da entidade para poder dar resposta as súas necesidades máis básicas.



TOTAL BENEFICIARIOS POR PROVINCIAS

GALICIA

PROVINCIA	TOTAL BENEFICIARIOS	NENOS	ADULTOS
A CORUÑA	6.982	4.018	2.964
PONTEVEDRA	6.703	3.882	2.821
LUGO	3.056	1.603	1.453
OURENSE	1.986	1.212	774
TOTAL	18.727	10.715	8.012





Fundación Amigos de Galicia

COOPERACIÓN INTERNACIONAL



A **principal laboura da entidade é a atención ás persoas en situación de carencia de recursos económicos da nosa comunidade**; con residencia nalgún concello de Galicia, prioritariamente aquelas con menores ó seu cargo. Nembargantes, **hai países que viven nunha situación de pobreza e ausencia de servizos mínimos de tal intensidade, que a entidade ten que realizar actuacións especiais**, de cara a paliar as necesidades concretas;

No eido da cooperación internacional, a Fundación Amigos de Galicia **traballa en base a uns valores, presentes en todas as actuacións levadas a cabo pola entidade** e descritos a continuación;

-**Loita contra a pobreza**; xustificando o desenvolvemento de calquera proxecto.

-**Equidade de xénero**; enfatizando o dereito á igualdade, entre home e muller.

-**Defensa da sensibilidade ambiental**; en tódolos proxectos desenvolvidos, aproveitando os recursos existentes da propia agricultura.

-**Respecto polos dereitos humanos**; atendendo sobre todo ós menores en situación de desprotección, garantindo a cobertura das súas necesidades básicas e o dereito á educación de tódolos menores.

-**Defensa de interculturalidade**; con respecto polas diferentes culturas.

-Na actualidade **a entidade está a desenvolver varios proxectos**;

“Kasempa; Garantindo uns dereitos básicos”;

Este proxecto se centra en **Kasempa, un distrito dunha provincia de Zambia**, na rexión noroeste do país, que actualmente conta cunha poboación de 80.000 habitantes (aprox) nunha extensión similar a da provincia de Ourense e Lugo xuntas.

A xente da rexión **vive da agricultura: cultiva millo, cacahuetes, feixóns, soro, casava e outros produtos tropicais**. O maior problema co que contan neste eido, é que **non poden facer uso de animais para facilitar as tarefas do campo, debido á proximidade de moscas tse-tse** (a causante da enfermidade do sono), o que provoca unha enorme carga de traballo.

Por outra banda, **non é aconsellable facer presas de auga debido á acumulación de mosquitos nelas, o que contribúe a dificultar as tarefas**. Outra parte da poboación **adícase á pesca, secan o peixe e despois o venden**.

No eido da educación, a provincia só conta cunha escola secundaria polo que o acceso á educación de segundo grado **é un luxo, quedando ó alcance de moi poucos**.

No eido da saúde, hai centros de saúde rural nas aldeas pero a súa **provisión de medicinas é case nula**. Ademais, **máis da metade da poboación é portadora do VIH, outra gran parte está afectada pola tuberculose ou malaria, enfermidades moi extendidas tamén na zona**.

No contexto aquí descrito, xurde este proxecto, con **tres claros obxetivos**;



-asegurar que os orfos por sida teñan unha **axeitada cobertura das súas necesidades básicas**.

-asegurar que os mozos teñan **acceso a unha educación secundaria**

-construír un **muíño que elimine a carga de traballo que recae sobre as mulleres e xere uns ingresos que serán destinados ós enfermos de SIDA e os orfos por causa do virus**.

Para **acadar tal fin, se establece as seguintes actividades:**

-reparto de alimentos en función das necesidades da poboación

-construción dunha escola secundaria

-construción dun muíño

Os beneficiarios deste proxecto serán **nun primeiro lugar, os orfos dos enfermos de SIDA, que segundo o informe de UNICEF son en África Subsahariana un total de 12.3 millóns**, máis vulnerables que nunca, xa que **non reciben** –agás o 5%- **o apoio que precisan na satisfacción das súas necesidades**; tamén o mesmo informe afirma que o silencio que rodea a estes meniños e a falta de acción é rechazable e inaceptable, e que **hai que levar a cabo medidas que aborden esta situación coa máxima urxencia, xa que, do contrario, millóns de nenos continuarán morrendo**, e decenas de millóns sufrirán inda **máis estigmación, marxinação, deficiente educación e malos tratos psicolóxicos**.

Según estudos, **entre o 15 e o 20% da poboación de Zambia foron infectados polo VIH, e no país hai un millón de orfos de SIDA, unha enfermidade que xunto coa malaria e a tuberculose** (o chamado triángulo da morte) **provocan máis do 90% das mortes do país**.

Aproximadamente, **no distrito de Kasempa, hai un total de 2.500 orfos de SIDA, ós que vai dirixido este proxecto**.

Ademais, o proxecto desenvolto beneficia tamén ós mozos en xeral, xa que apenas teñen acceso á educación secundaria, facilitando o seu dereito á mesma, principalmente para os mozos orfos e despois para os mozos do distrito, en xeral. Asemade, **este proxecto traballa para garantir a cobertura das necesidades básicas das 2.500 persoas, orfos do SIDA**.

Dentro deste proxecto tamén se contempla **un programa de saúde dirixido as persoas afectadas polo VIH**. Para financiar o mesmo, **se utilizarán os ingresos obtidos da xestión do muíño**.

Así, ós **colectivos beneficiarios** do mesmo, **por orden de prioridade, son:**

-Orfos de SIDA; cobertura das súas necesidades básicas e acceso á educación secundaria.

-Mozos do distrito; acceso á educación secundaria.

-Enfermos de SIDA-VIH; con medidas que garantan e promovan a súa saúde.

-Axuda ós damnificados do terremoto de Lorca;

A Fundación Amigos de Galicia solidarizada coa poboación de Lorca, tralo terremoto do 11 de maio de 2.011, realiza o envío de **3.000 quilos de produtos alimenticios que permitirán a elaboración de 4 comidas**, dirixidas



a **4.000 persoas**, elaboradas a base de **polbo con patacas e pasta con mexillóns**, incidindo nas necesidades nutricionais dos menores, sendo así a única entidade que colabora coa cidade de Lorca, representando a Galicia.

Con este proxecto se lle trasladou a nosa **solidariedade ós afectados polo terremoto de Lorca, demostrando tamén a nosa gratitude con parte dos voluntarios da marea branca** que colaboraron nas accións de limpeza do fuel vertido polo Prestige en novembro de 2.002. –incluída neste ámbito, a pesar de non ser internacional, por se unha **acción excepcional**, xa que a actividade da Fundación Amigos de Galicia se centra na comunidade autónoma-

-Axuda humanitaria ós damnificados do terremoto en Haití- 2.010-2.011;

O 12 de xaneiro de 2010, un terremoto de 7,0 na escala Ritcher, con epicentro a 15 quilómetros de Porto Príncipe, sacudiu a empobrecida nación caribeña de Haití. Os efectos deste terremoto foron devastadores: máis de tres millóns de persoas afectadas polo terremoto, **máis de un millón de rapaces orfos e máis dun millar de persoas sen fogar**.

Segundo a clasificación do CAD (comité de axuda ó desenrolo), **Haití segue sendo considerado coma un país de renda moi baixa** (país menos avanzado), país que previo ó terremoto xa presentaba unha situación de pobreza e desigualdade que enfatizaba como meta a redución da pobreza e desaparición da fame.

Dende o 2005, Haití é un obxectivo básico para a cooperación española, centrado basicamente na cobertura das necesidades sociais: auga potable e saneamento básico, seguridade alimentaria, acceso universal á educación, capacitación básica das persoas xoves e alfabetización das persoas adultas, mellora da saúde sexual e da saúde reprodutiva (facendo énfasis en reducir a mortalidade materno-infantil.)

A partir do terremoto de xaneiro de 2010, devastador para os haitianos/as, **a Fundación Amigos de Galicia inicia un proxecto de axuda ós damnificados do terremoto, principalmente ós menores, menores que ademais de perder a súa familia e o seu fogar, perden as oportunidades de acceso á educación e ó emprego**, e camiñan sen rumbo a ningures cá fame na súa mirada. Menores que algún día serán homes e mulleres que repoboarán o seu país e que, poñen todo o seu ímpetu na reconstrución de Haití.

Ademais da perda das súas familias, das súas escolas e dos seus centros de traballo, os haitianos, con feridas internas e externas do terremoto, camiñan a un lugar habilitado para a súa acollida, moitos deles a un campamento designado **campamento Petionville Country Club, onde pernotan máis de 50.000 persoas**. Para o desenrolo deste proxecto, a Fundación Amigos de Galicia conta coa colaboración .

O obxectivo xeral do proxecto de axuda ós damnificados polo terremoto en Haití, é dar resposta ás necesidades básicas e primarias da poboación damnificada polo terremoto. Estas necesidades primarias son principalmente: alimentos, roupa, tendas de campaña e ferramentas de traballo para poder traballar novamente a terra.



Así, a **Fundación Amigos de Galicia** enviou varios contenedores de axuda ós damnificados do terremoto en Haití, directamente a Porto Príncipe e ó Porto de Caucedo [na República Dominicana]: **estos contenedores albergaban produtos alimenticios**: pasta alimenticia, galletas, garavanzos, fabas, conservas de peixe, conservas de vexetais... **-nun primeiro envío, como resposta inmediata á situación de emerxencia, en febreiro de 2.010, fixo chegar 39.654 quilos de alimentos ó país-** tamén, atendendo ás necesidades do eido da vestimenta: a entidade fixo chegar a Porto Príncipe **roupa nova para os rapaces e roupa interior nova para todos os damnificados, encargándose da súa distribución entre as persoas que así o precisaban**. Outra necesidade a cubrir eran as tendas de campaña e lonas para a construción de albergues, así a entidade mercou tendas de campañas e kits de aloxamento de emerxencia para a súa distribución entre ós damnificados do terremoto, para dar resposta á necesidade de aloxamento de un millar de persoas que perderon o seu fogar.

Por outra banda, a entidade tamén **distribuíu ferramentas de traballo para o campo, para que as persoas dispuxeran dos medios que precisasen para volver a recuperar as condicións previas ó terremoto**, otorgandolle a sociedade haitiana o papel de protagonista da súa propia recuperación, reconstrución e desenrolo, xerando un cambio durareiro que aumenta a sostenibilidade do cambio que se promove.

Estos contenedores de axuda ós damnificados deron resposta ás necesidades máis básicas da poboación. Así, **na actualidade, as necesidades en terreo son básicamente a orientación psicolóxica, a reforestación e a reubicación dos 1.500 campamentos por medo de furacáns que volvan a deixar sen vivenda ás persoas alí instaladas**.

Así, a entidade está traballando para **adaptar ó seu proxecto ás necesidades actuais da poboación**, habendo cumprido parte do seu obxectivo de cubrir as necesidades básicas da xente para a volta a situación inicial (previa o terremoto que asolou a illa caribeña), **traballando pola seguridade e o benestar das persoas, prioritariamente dos rapaces e rapazas**. Asemade, a **entidade está a desenvolver proxectos para reconstruír a zona, coa pretensión de dar cun terreo seguro no que poder instalar os albergues para os damnificados e escolas para os nenos**.

Este proxecto **é complementario con outros levados a cabo por entidades sen ánimo de lucro e institucións públicas para o desentullado do terreo**, traballando para contribuir na mellora das condicións de vida das persoas afectadas por crises humanitarias, **complementario a outros proxectos que poidan desenrolar entidades sen ánimo de lucro e institucións públicas no ámbito da saúde, educación e seguridade**.

En relación ós riscos cós que se contaba como impedimento do desenrolo deste proxecto, non houbo saqueo de alimentos, có que os alimentos enviados puideron ser distribuídos entre parte da poboación damnificada polo terremoto do 12 de xaneiro de 2010, debido á seguridade que representan os cascos azuis destinados pola ONU para garantir que o reparto se poida desenrolar correctamente.

Xa rematada a primeira fase de axuda ós damnificados, consistente na resposta a situación de emerxencia na que máis de 800.000 **persoas foron abastecidas de alimentos, auga e saneamento, seguridade e refuxio**. Ademais, a entidade distribuíu **kits de aloxamento de emerxencia e as**



tendas de campañas destinadas para o albergue das persoas que perderon o seu fogar.

-Cobertura das necesidades de roupa e produtos hixiénicos dos rapaces de Kenya, 2.010-2.011;

A Fundación Amigos de Galicia levou a cabo o **proxecto de cobertura das necesidades de roupa e/ou calzado así como produtos hixiénicos** das persoas que residindo nalgunha **zona de Kenya** tiñan esas necesidades ó descuberto, realizando varios envíos de roupa, calzado e produtos de hixiene persoal, material que pasaría a ser **distribuído entre as persoas en situación de carencia de recursos económicos residentes no país**, unha ampla maioría.

-Entrega dunha Ambulancia ó Asilo Santovenia da Habana; para a atención das persoas maiores residen no asilo, con problemas de mobilidade e enfermidades propias da idade avanzada.

-Construción escola igrexa en Zambia, rexentada por misioneiros, 2.009.

A Fundación Amigos de Galicia prestou **colaboración económica e técnica a misioneros desprazados ó país na construción dunha escola igrexa en Zambia**, de cara a garantir que tódolos menores alí afincados tivesen acceso a unha educación igualitaria.

-Colaboración con Cáritas Perú; 2008-2009

A Fundación Amigos de Galicia doou roupa a “**Hermanas Terciarias Franciscanas del Rebaño de María**” para a súa distribución entre as persoas carentes de recursos económicos.

-Axuda ó Fogar español de Montevideo; 2008

A Fundación Amigos de Galicia enviou **mediciñas e sillas de rodas para ó Fogar Español en Montevideo** ubicado en Uruguay para os españois alí residentes.

-Dotación Furgón Asilo Santovenia; 2.007

A Fundación Amigos de Galicia **dotou dun furgón ó Asilo Santovenia, para o traslado das persoas que así o precisasen a centros de urxencia.**



Fundación Amigos de Galicia

COMEDORES SOCIAIS



A **Fundación Amigos de Galicia colabora con diversos comedores sociais de todo Galicia**, ós que distribúe, en función das súas necesidades, **alimentos non perecedoiros, froita, carne e peixe e produtos hixiénicos**;

Neste eido, **é relevante facer mención a que os rapaces non poden acudir ós comedores sociais, inda que existan necesidades alimenticias e nutricionais. É por elo que a entidade, ademais de colaborar cos comedores sociais, distribúe alimentos directamente nos fogares, de cara a que ningún menor de Galicia teña necesidades alimenticias**;

A continuación, **faise reseña ós comedores sociais cos que colabora –de modo quincenal- a entidade**:

Provincia de A Coruña:

Cottolengo de Santiago de Compostela
Cociña económica de Santiago de Compostela
Proxecto Home de Santiago de Compostela
Asilo de anciáns desamparados de Santiago de Compostela
Asociación de pais/nais de persoas con discapacidade intelectual Juan Vidán Torres de Santiago de Compostela
Casa de Familia Hogar de Nazaret de Santiago de Compostela

Provincia de Pontevedra:

Residencia Virgen del camino de Pontevedra
Residencia ancianos de Caldas
Residencia Ancianos de Cambados
Residencia ancianos Vilagarcía de Arousa
Residencia La Cañiza
Comedor de los Pobres de Marín
Comedor de San Francisco de Pontevedra
Cáritas de Arousa
Parroquia de San Martín de Coia de Vigo
Parroquia San pedro de la Ramallosa
Parroquia Santa Cristina de Sabarís (Ramallosa)
Parroquia San Juan Bautista
Cáritas de Cangas
Reto
Proyecto Hombre
Cáritas de Bueu
Asociación Santiago Apóstol de Cangas
Cáritas de Dorrón
Cáritas de Placeres
Cáritas de Lerez
Cáritas de Salcedo
Cáritas de San José
Cáritas de Mourente
Con Eles
San Antonio de la Florida de Vigo



Provincia de Ourense:

Nación de los Muchachos (Bemposta)
Fundación San Rosendo

Provincia de Lugo:

Comedor San Froilán de Lugo
Comedor do Transeúnte de Lugo
Residencia de Mondoñedo
Centro ocupacional de Villalba
Residencia de persoas maiores Virgen del Carmen de Foz
Residencia Betania de Viveiro
Residencia San José de Monforte de Lemos
Residencia a Pastoriza
Residencia Valadouro
Residencia Bartolomeu (Xove)
Cáritas (Sarriá)




Fundación Amigos de Galicia



FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA



Deputación Pontevedra





Fundación Amigos de Galicia



Concello de Vigo



Concello de Pontevedra



Concello de Vilagarcía de Arousa



Concello de Lalín



Concello de Cambados



Concello de O Grove



Concello de Caldas de R.



Concello de Soutomaior




Concello de Valga



Fundación Amigos de Galicia




Concello de Cuntis



Concello de Meis



Concello As Neves



Concello de Pontecesures



Concello de Portas



Concello de Carballo



Concello de Teo



Concello de Rianxo



Concello de A Laracha



Fundación Amigos de Galicia




Concello de Santa Comba



Concello de Padrón



Concello de Negreira




Concello de Rois



Concello de Val do Dubra



Concello de Curtis



Concello de Tordoia



Concello A Baña



Concello de Dodro



Fundación Amigos de Galicia



Concello de Vilasantar



Concello de Rábade




Concello de Pol




Concello de Taboada



Concello de Begonte



Concello de Pallas de Rei



Concello de Outeiro de Rei



Concello de Sarria



-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS-
DO 1 DE XANEIRO AO 31 DE DECEMBRO DE 2011

<u>INGRESOS</u>		<u>GASTOS</u>	
<u>DE ORGANISMOS PUBLICOS</u>	<u>202.184,02€</u>	<u>PERSOAL</u>	<u>165.308,93€</u>
<u>SERVICIOS PRESTADOS (concellos e outras entidades)</u>	<u>69.044,87€</u>	- Salarios con cargo á fundación	<u>69.975,05€</u>
<u>DE INSTITUCIONS PRIVADAS</u>	<u>22.100,00€</u>	- Salarios subvencionados	<u>36.801,18€</u>
<u>DOAZÓNS EN ESPECIE</u>	<u>1.557.501,87 €</u>	- Seguridade Social	<u>49.544,13€</u>
<u>PROPIOS</u>	<u>229.531,30€</u>	- IRPF	<u>8.988,57€</u>
- COTAS PATRONOS	<u>123.688,88€</u>	<u>GASTOS OFICINA</u>	<u>28.484,83€</u>
- DOAZÓNS ECONÓMICAS	<u>39.225,83€</u>	- MATERIAL DE OFICINA INVENTARIABLE	<u>2.693,18€</u>
- ALIMENTOS	<u>66.616,59€</u>	- MATERIAL FUNXIBLE E ESPECÍFICO	<u>4.675,10€</u>
		- PUBLICIDAD, PROPAGANDA Y RR.PP.	<u>3.613,52€</u>
		- INMOVILIZADO MATERIAL OFICINAS	<u>13.809,42€</u>
		- OTROS	<u>3.693,61€</u>
		<u>ELEMENTOS DE TRANSPORTE e OUTROS (mercados pola fundación)</u>	<u>68.435,00€</u>
		- CAMIÓN 12 TONELADAS	<u>50.000,00€</u>
		- CARRETILLA ELEVADORA	<u>8.260,00€</u>
		- TRASPALET ELÉCTRICO	<u>2.000,00€</u>
		- CAMARA CONXELADOS	<u>8.175,00€</u>
		<u>XERAL</u>	<u>1.818.133,30€</u>
		- COMBUSTIBLE	<u>10.429,22€</u>
		- TRANSPORTE (tráileres)	<u>17.827,59€</u>
		- PEAXES, PARKING E DIETAS	<u>4.642,70€</u>
		- ALIMENTOS distribuídos pola fundación	<u>1.644.535,13€</u>
		- AXUDAS SOCIAIS E VOLUNTARIADO	<u>17.502,46€</u>
		- MATERIAL ESCOLAR	<u>6.310,90€</u>
		- ROUPA E MOBILIARIO	<u>10.565,70€</u>
		- PRODUCTOS HIXIENE	<u>7.017,28€</u>
		- EMBALAXES	<u>30.386,54€</u>
		- TELEFONO	<u>3.501,01€</u>
		- CORREOS	<u>2.646,61€</u>
		- LUZ	<u>7.548,49€</u>
		- ALUGUERES	<u>23.781,90€</u>
		- SERVICIOS BANCARIOS E SIMILARES	<u>10.509,60€</u>
		- SEGUROS	<u>5.286,00€</u>
		- FORMACIÓN	<u>11.507,55€</u>
		- OUTROS	<u>4.134,62€</u>
<u>INGRESOS TOTAIS</u>	<u>2.080.362,06 €</u>	<u>GASTOS TOTAIS</u>	<u>2.080.362,06€</u>